Sistema Integrado de Receta Electrónica

muface

Receita electrónica concertada de MUFACE

Máis cómoda, máis segura, máis próxima e sen desprazamentos para o visado



Que é a receita electrónica

A receita electrónica de **MUFACE (SIREM)** é un sistema dixital que permite ás persoas mutualistas obter os seus medicamentos na farmacia sen necesidade de receitas en papel.

Só coa tarxeta sanitaria, o farmacéutico accede directamente á prescrición do médico.

É fácil, cómoda e pensada para ti.

A receita electrónica avanza grazas á colaboración entre **MUFACE, os colexios oficiais de farmacéuticos e médicos e as entidades concertadas:**

asisa

Adeslas SegurCaixa

Beneficios da receita electrónica

🩺 Fácil e accesible

Non é necesario desprazarse, nin gardar papeis, nin presentar informes, nin ir a MUFACE para o visado. Todo está na túa tarxeta sanitaria.

🔒 Segura e fiable

Os teus datos están protexidos e o proceso é totalmente confidencial.

💊 Mellor control dos tratamentos

O teu médico e a túa farmacia poden facer un seguimento conxunto da túa medicación.

🌿 Máis sostible

Menos papel, menos desprazamentos. Menos trámites e máis eficiencia.

A túa participación é esencial

💡 Cantas máis persoas mutualistas utilicen a receita electrónica, máis fácil e eficiente será o sistema para todos. Melloraremos o funcionamento do Sistema Nacional de Saúde (SNS).

Usa a túa receita electrónica SIREM

NIPO: 23226016X

Sistema Integrado de Receta Electrónica muface



Que teño que levar?

Só necesitas a tarxeta sanitaria da entidade.

Comproba que leva un código QR

Se non o leva, debes solicitar un duplicado a ADESLAS ou ASISA para que poidan facerche a prescrición electrónica.

Como se usa?

Acude ao teu médico cando o precises levando a tarxeta sanitaria da entidade e **pídelle que che prescriba electronicamente.** Despois só terás que ir retirar o medicamento á túa farmacia, sempre coa tarxeta sanitaria da entidade. Aínda que necesites visado, non terás que facer nada máis que ir ao médico e despois á farmacia.

Onde podo consultar os meus tratamentos?

Se che prescribiron algún medicamento con receita electrónica:

- Podes descargar e consultar a túa folla de prescricións **activas/visados na sede electrónica (con Cl@ve, certificado dixital ou DNIe) e na app de MUFACE (con Cl@ve Móbil).**
- Poderás ver os teus tratamentos activos e os das persoas beneficiarias menores de 16 anos.

Cando viaxo

Se vas de vacacións a **outra provincia:**

A receita SIREM **xa está implantada en todas as comunidades autónomas.**



O médico da túa entidade poderá prescribirche medicamentos con este sistema en todo o territorio.

Se cho prescribiron dixitalmente, podes adquirir os medicamentos na farmacia da outra provincia.

Entra na **web** de MUFACE e infórmate.

Se viaxas a **zonas rurais:**

- Infórmate con antelación sobre o cadro médico. Leva sempre o teu talonario de receitas se vas a zonas rurais.
- Fai as receitas antes de viaxar. Poderás retirar na farmacia as prescricións que teñas feitas en receita electrónica antes da túa viaxe.
- Consulta coa túa entidade o cadro médico e os servizos dispoñibles na zona onde vaias pasar as vacacións antes de ir. Goza con tranquilidade e sen sobresaltos.
- Lembra que podes obter receitas a través dos servizos de telemedicina de ADESLAS e ASISA.